



MEMORIA FUNCIONAL PARA A PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA

A Lei 6/2024, de 27 de decembro, de estatística de Galicia (LEG), establece no seu título I o modelo organizativo da estatística galega, co Instituto Galego de Estatística (IGE) como órgano da organización estatística coa misión principal de dirixir e coordinar a estatística galega. Establece que o IGE é un organismo autónomo dos regulados na sección 2ª do capítulo II do título III da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

O Instituto Galego de Estatística rexerese polo disposto nesta lei e nas outras normas que lle sexan aplicables. En particular, como entidade do sector público autonómico de Galicia, rexerese pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.

Por Decreto 60/2016, do 26 de maio, apróbase o estatuto do IGE, no que se establece a súa estrutura orgánica, e por Resolución do 12 de maio de 2017 (DOG nº 97, do 23 de maio), apróbase e publícase a relación de postos de traballo (RPT) do IGE e modifícase por Resolución do 23 de setembro de 2022 (DOG nº 189, do 4 de outubro) e posteriormente por Resolución do 27 de abril de 2023 (DOG nº 87, do 27 de abril).

Por Decreto 16/2025, do 10 de marzo, polo que se modifica o Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, o Instituto Galego de Estatística queda adscrito á Oficina de Coordinación Económica da Presidencia.

Como consecuencia desta adscrición é necesario cambiar todos os códigos dos postos da relación de postos de traballo do IGE referidos á Presidencia da Xunta de Galicia.

Por outra banda, a Consellería de Facenda e Administración pública (á que estaba adscrito o IGE, con anterioridade), a través da Resolución do 5 de xullo de 2023 convocou o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de acceso libre e promoción interna, no corpo superior de Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala superior de estatísticos (DOG nº 129, de 7 de xullo de 2023), referidas á oferta de emprego 2021/2022.

Mediante a Resolución do 6 de novembro de 2024, do tribunal encargado de cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala superior de estatísticos/as,





publicase como anexo a esta resolución a relación de persoas aspirantes que superaron a fase de oposición do proceso selectivo e elévase dita resolución á persoa titular da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal para os efectos de que as persoas aspirantes que figuran nela sexan propostas para o seu nomeamento como persoal funcionario en prácticas.

Nesa relación de aspirantes figuran 3 persoas que superaron o proceso selectivo. Actualmente neste organismo só existen dúas prazas vacantes para ofertar na toma de posesión dos aspirantes, polo que resulta imprescindible a creación dunha praza da escala superior de estatísticos.

No Consello Reitor do IGE celebrado o 30/06/2024 acórdase que cómpre facer unha modificación da RPT do Instituto para a creación dunha praza do corpo superior da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala superior de estatísticos/as, que se financiará con cargo a remanentes existentes no capítulo I.

A praza, como as demais prazas idénticas existentes neste organismo, estaría adscrita á dirección do Instituto. Contaría coas seguintes características:

Denominación: Posto base subgrupo A1
Nivel: 20
Forma de provisión: Concurso de méritos
Subgrupo: A1
Corpo/escala: XSE
Adscrición Administración Pública: AXG
Custo orzamentario: 43.606,64 euros

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director do IGE
Juan Carlos Reboredo Nogueira

